

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de Estatística do día 21 de novembro de 2008

32201 Estatística da primeira venda de produtos pesqueiros frescos

PROXECTO TÉCNICO

O obxectivo principal desta operación estatística é recompilar información sobre as variables económicas e biolóxicas da actividade de aproveitamento das poboacións mariñas. Para isto explótanse os datos das notas de primeira venda dos produtos pesqueiros frescos nas lonxas ou centros de primeira venda autorizados.

Máis concretamente, esta operación estatística permite:

- Coñecer os datos de vendas dos recursos mariños procedentes da pesca e do marisqueo. Estes datos proceden das vendas pero non das capturas (debemos ter en conta que todos os recursos mariños procedentes da pesca e marisqueo descargados nos portos ou centros de descarga da Comunidade Autónoma de Galicia obrigatoriamente deben venderse nas lonxas ou centros autorizados).
- Ver a evolución dos prezos das distintas especies no tempo e no espazo. A información que se obtén permitirá desenvolver as distintas estratexias necesarias para tomar as decisións axeitadas na planificación máis racional e sostible dos recursos mariños.
- Dar cumprimento á normativa europea e estatal en materia de control da política pesqueira común. Os resultados desta análise estatística comunicaranse ao Estado español (segundo o recollido no Real Decreto 2064/2004) e este remitiraos á Unión Europea en cumprimento do Regulamento (CE) 1921/2006 do Parlamento Europeo e do Consello. Establece que cada ano os Estados membros transmitirán á Comisión os datos estatísticos dos produtos da pesca desembarcados no seu territorio por buques pesqueiros comunitarios e buques pesqueiros da AELC. A transmisión de datos estatísticos terá lugar nun prazo de 6 meses a partir do final do ano natural de referencia.

Normativa e organización

Normativa europea

Regulamento (CE) núm. 1966/2006 do Consello, do 21 de decembro de 2006 sobre o rexistro e a transmisión electrónicos das actividades pesqueiras e sobre os medios de teledetección.

O artigo un recolle o rexistro e transmisión de datos por vía electrónica.

A primeira nota de vendas e, se procede, a declaración de recollida rexistrárase de forma electrónica e transmitírase ás autoridades competentes do territorio no que teña lugar a primeira comercialización por un comprador autorizado, unha lonxa autorizada ou outra entidade ou persoa autorizada polos estados membros encargada da primeira venda de produtos pesqueiros.

Os estados membros disporán das estruturas administrativas e técnicas necesarias que lles permitan recibir, procesar, someter a comprobacións cruzadas e transmitir por vía electrónica a información contida como mínimo, no caderno diario de pesca, a declaración de transbordo, a declaración de desembarque, as notas de vendas e a declaración de recollida.

O artigo dous dispón que a información e os datos das notas de primeira venda e da declaración de recollida rexistrados pola autoridade competente dos estados membros consideraranse auténticos.

Regulamento (CE) núm. 1921/2006 do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de decembro de 2006 relativo á transmisión de datos estatísticos sobre os desembarques de produtos da pesca nos estados membros e polo que se derroga o Regulamento (CEE) núm. 1382/91 do Consello.

Fala das obrigas dos estados membros.

Cada ano os estados membros transmitirán á Comisión datos estatísticos dos produtos da pesca desembarcados no seu territorio por buques pesqueiros comunitarios e buques pesqueiros da AELC (Asociación Europea de Libre Comercio)

A transmisión de datos estatísticos terá lugar nun prazo de 6 meses a partir do final do ano natural de referencia.

Publica a lista de códigos de países e presentación dos produtos, así como do uso co que están destinados os produtos da pesca.

Regulamento (CE) núm. 2371/2002 do Consello do 20 de decembro de 2002 sobre a conservación e a explotación sostible dos recursos pesqueiros en virtude da política pesqueira común.

No artigo 22.2 trata da comercialización dos produtos da pesca e dos requisitos a que está supeditada.

Regulamento (CE) núm. 2065/2001 da Comisión, do 22 de outubro de 2001 polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 104/2000.

O anexo recolle as zonas de captura definidas de acordo coa FAO.

Regulamento (CE) núm. 2578/2000 do Consello, do 17 de novembro de 2000 que modifica o Regulamento (CE) núm. 2406/96 do Consello de 26 de novembro de 1996 polo que se establecen normas comúns de comercialización para determinados produtos pesqueiros.

Regulamento (CE) núm. 104/2000 do Consello, do 17 de decembro de 1999 polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.

No título I recolle as normas de comercialización e información dos consumidores.

Regulamento (CE) núm. 2846/98 do Consello de 17 de decembro de 1998, que modifica o Regulamento (CEE) núm. 2847/93 polo que se establece un réxime de control aplicable á política pesqueira común.

Regulamento (CE) núm. 2406/96 do Consello do 26 de novembro de 1996 polo que se establecen normas comúns de comercialización para determinados produtos pesqueiros.

Fixa as normas comúns de comercialización para certos produtos da pesca.

As normas de comercialización comprenden:

- categorías de frescura.
- categorías de calibrado.

Regulamento (CEE) núm. 2847/93 do Consello do 12 de outubro de 1993 polo que se establece un réxime de control aplicable á política pesqueira común.

Establece as disposicións destinadas ao control técnico das medidas de conservación e xestión dos recursos.

Co obxecto de garantir o cumprimento de toda a normativa vixente sobre medidas de conservación e control, cada estado membro controlará no seu territorio e nas augas marítimas sometidas a súa soberanía ou xurisdicción a práctica da pesca e das actividades conexas.

No título II recóllese o control de capturas.

O capitán dun buque de pesca levará un diario de pesca no que anotará as cantidades de cada especie capturadas e transportadas a bordo, a data e o lugar das capturas así como o tipo de arte utilizada.

As especies anotadas estarán suxeitas a un TAC (Taxa Autorizada de Captura). Están exentos desta obriga os capitáns de buques pesqueiros de menos de 10 m de eslora.

Despois do desembarque os capitáns de cada buque teñen 48 horas para presentar a declaración das capturas, que como mínimo contará coa cantidade e lugar de captura.

As lonxas ou organismos autorizados polos estados membros encargados da primeira venda presentarán unha nota de venda.

As notas de venda deben conter os seguintes datos:

- tamaño ou peso dos exemplares, clase, presentación e frescura
- prezo e cantidade na primeira venda
- destino dos produtos retirados do mercado: produtos secundarios, de consumo humano ou de aprazamento
- nome do comprador e do vendedor
- lugar e data da venda

E de acordo coa lexislación do estado membro:

- marcas externas de identificación e nome do buque que descargou
- nome do armador e nome do capitán
- porto e data de desembarque

As notas de venda remitiranse nun prazo de 48 horas despois da venda á autoridade competente ou a outros organismos autorizados polo estado membro en soporte informático ou papel.

As autoridades conservarán unha copia de cada nota de venda durante un período dun ano.

Se os produtos pesqueiros desembarcados ou importados na comunidade, sen transformar ou transformados a bordo, e que se transporten a un lugar distinto do de desembarque ou importación deben ir acompañados dun documento redactado polo transportista ata que se efectúe a primeira venda.

Indicarase:

- a) orixe do envío (nome e marcas externas de identificación do buque)
- b) lugar de destino do envío ou envíos e identificación do vehículo de transporte
- c) cantidades (en kg de peso transformado) de peixe de cada especie, nome do consignatario, lugar e data de carga

Pode substituírse o documento anterior por:

- a) copia de documento onde conste a orixe das cantidades transportadas
- b) copia do documento T2M no que conste a orixe das cantidades transportadas

Normativa estatal

Resolución de 27 de febreiro de 2007, da Secretaría Xeral de Pesca Marítima, pola que se establece e se publica o listado de denominacións comerciais de especies pesqueiras e de acuicultura admitidas en España (anexo I)

Real Decreto 607/2006, do 19 de maio, polo que se modifica o Real Decreto 2064/2004, do 15 de outubro, polo que se regula a primeira venda dos produtos pesqueiros.

Modifica os artigos un, tres e cinco relativos ao ámbito de aplicación, á primeira venda e as notas de venda, respectivamente.

Real Decreto 2064/2004, do 15 de outubro, polo que se regula a primeira venda dos produtos pesqueiros.

Ten por obxecto regular a primeira venda dos produtos pesqueiros con ocasión do seu desembarque ou descarga en territorio nacional, incluíndo as importacións.

Real Decreto 121/2004, do 23 de xaneiro, sobre a identificación dos produtos da pesca, da acuicultura e do marisqueo vivos, frescos, refrixerados ou cocidos.

Ten por obxecto establecer a normativa básica referente á clasificación e etiquetado dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura, tendo en conta as categorías de calibre e frescura.

Normativa autonómica

Orde do 7 de febreiro de 2008 pola que se establece os sistema de transmisión de datos na fase de primeira venda da pesca fresca (anexo II)

Regula:

O sistema de transmisión de datos da primeira venda dos produtos da pesca fresca.

Suxeitos obrigados á transmisión: os titulares ou entidades concesionarias das lonxas, centros de venda e calquera outro establecemento que estea autorizado.

Requisitos que deben reunir os lugares onde se realice a primeira venda.

Estrutura da nota de venda.

Transmisión de datos.

Describe o ficheiro de transaccións. Formato de ficheiro ASCII.

Orde do 3 de maio de 2007 pola que se modifica a Orde do 26 de outubro de 2004 pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que pesquen en augas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 101/2006, do 8 de xuño, de modificación do Decreto 419/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en frescos.

Modifica o artigo 7 do decreto 419/1993: “a pesca en fresco e os produtos do marisqueo descargados nos portos e centros de descarga da Comunidade Autónoma de Galicia terán que ser vendidos obrigatoriamente nas lonxas ou centros de venda autorizados regulamentariamente.”

Modifica total ou parcialmente a redacción dos artigos 9, 10, 11, 12, 14, 15, 17 e 21 de dito decreto.

O artigo 17 establece: “rematada a venda, calquera que fose a modalidade da transacción, a entidade concesionaria da lonxa ou responsable do centro de venda deberá cubrir a nota de

venda nos termos que establece o Real decreto 2064/2004, do 15 de outubro. A consellería competente en materia de pesca determinará o modelo de nota de venda, así como a súa estrutura informática.”

Decreto 500/2005, do 15 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Orde do 12 de novembro de 2004 pola que se modifica o prazo de entrada en vigor da Orde do 5 de novembro de 2004, pola que se regula o control da descarga e transporte dos produtos pesqueiros frescos e os da acuicultura ata a fase de primeira venda e o transporte de moluscos bivalvos vivos.

Orde do 5 de novembro de 2004 pola que se regula o control da descarga e transporte dos produtos pesqueiros frescos e os da acuicultura ata a fase de primeira venda e o transporte de moluscos bivalvos vivos.

Regula a descarga e transporte dos produtos pesqueiros frescos ata a primeira venda en lonxa ou centro de venda autorizado e o transporte de moluscos bivalvos vivos desde a zona de produción ata un centro de expedición, ou de depuración, unha zona de reinstalación, ou un establecemento de transformación.

Así mesmo, inclúe no regulado nesta disposición aqueles produtos da acuicultura que teñen como destino a primeira venda en lonxa ou centro de venda autorizado.

Orde do 6 de abril de 2004 pola que se regulan os procedementos de expedición, renovación, traslado e transmisión dos permisos de explotación para embarcacións.

O armador debe acreditar ter realizada unha actividade extractiva suficiente (que garante vendas por un importe que como mínimo sexa o SMI). Os datos de extracción se remitirán á unidade estatística correspondente da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Para a determinación das artes ou modalidades de pesca terase en conta a actividade realizada, segundo o reflectido no libro de rexistro de actividade pesqueira da embarcación, así como as vendas realizadas en lonxa.

Decreto 419/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco.

Ten por obxecto regular no ámbito territorial da Comunidade Autónoma Galega:

- A descarga e primeira venda dos produtos frescos da pesca (peixe e marisco) que se levan a cabo nas lonxas ou centros autorizados.
- A actividade comercial dos produtos frescos da pesca, algas e da acuicultura, calquera que sexa a súa orixe.

- No artigo 19 recóllese que as entidades concesionarias das lonxas ou centros de venda ou descarga deberán achegar un resumo estatístico das descargas e vendas na forma e prazos que se determinen.

Decreto 420/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de rexistros de buques e de empresas halioalimentarias.

O artigo 7º establece que no Rexistro Galego de Empresas Halioalimentarias inscríbense todas as empresas, centros, establecementos e instalacións dedicados á explotación, aproveitamento, transformación, almacenamento, manipulación e comercialización en orixe dos recursos mariños con destino á alimentación.

O artigo 9º recolle que no Rexistro Galego de Empresas Halioalimentarias constarán, entre outras, as lonxas e centros de expedición en orixe.

Lei 6/1993, de 11 de maio, de Pesca de Galicia.

No artigo 6 recolle que esta lei ten por obxecto a regulación das materias competencia da comunidade autónoma relativas á ordenación pesqueira e a íntegra xestión económica desta. Dentro da ordenación pesqueira débese incluír a realización da estatística pesqueira de acordo co disposto na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.

O título IV: empresas de transformación de produtos de pesca, marisqueo e acuicultura.

No seu título VII: da comercialización dos produtos da explotación dos recursos mariños, o artigo 97 recolle que “a primeira venda dos peixes e mariscos regulados nesta lei, dos que se faga a comercialización en fresco, deberá efectuarse preceptivamente nas lonxas ou nos lugares que para tal fin se establecerán regulamentariamente. Do mesmo modo regularase o desenvolvemento da actividade.

Quedan exentas da realización da primeira venda en lonxas as especies que se comercialicen de forma distinta ao fresco, que seguirán a normativa que se estableza regulamentariamente.

A venda de produtos procedentes de cultivos mariños poderá iniciarse nos propios establecementos.”

No artigo 102 recolle que a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos “realizará os censos e as estatísticas en materia de pesca, os seus medios de produción e produtos naturais e transformados, todo iso de acordo coa normativa estatal e autonómica na materia, creándose, de acordo coa Lei Galega de Estatística, o servizo correspondente para a súa execución.”

Organización

O órgano que intervéñen na almacenaxe, xestión e explotación de datos dos produtos pesqueiros frescos é o Servizo de Produción Pesqueira que, de acordo co Decreto 500/2005, do 15 de

setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, depende organicamente da Dirección Xeral de Recursos Mariños.

Neste mesmo decreto regúlanse as competencias do Servizo de Produción Pesqueira con respecto a recollida de datos de primeira venda e a elaboración de estatísticas pesqueiras:

- Recollida e avaliación dos datos para a elaboración das estatísticas da actividade de aproveitamento dos recursos mariños.
- A elaboración de estatísticas da consellería.
- Estudo e elaboración de informes con base ás estatísticas.
- Formular liñas de actuación en consonancia cos datos xurdidos das estatísticas e propoñer as actuacións ou aspectos que se van mellorar.

En consonancia con estas atribucións o servizo leva a cabo a explotación estatística dos datos procedentes da pesca fresca, co obxectivo de facilitar a información necesaria que permita planificar as estratexias axeitadas na pesca ou no marisqueo.

Unidades estatísticas

O obxectivo principal desta operación estatística, tal e como xa se comentou ao comezo do proxecto, é recompilar información sobre as variables económicas e biolóxicas da actividade de aproveitamento das poboacións mariñas. Para isto explótanse os datos das notas de primeira venda dos produtos pesqueiros frescos nas lonxas ou centros de primeira venda autorizados.

Así pois, a unidade estatística principal é a nota de primeira venda. Tamén son unidades estatísticas:

- As lonxas ou os centros de venda autorizados
- Os mariscadores a pé e os buques (buques rexistrados en Galicia, buques nacionais, buques comunitarios e buques de terceiros países)

Cada vez que se produce unha venda orixínase unha nota de primeira venda (NPV) que achega unha serie de datos necesarios para facer o seguimento da comercialización dos produtos pesqueiros frescos.

O artigo 4º da orde do 7 febreiro determina:

“1. Unha vez feita efectiva a primeira venda dos produtos da pesca frescos, sexa cal fose a súa modalidade de transacción, deberá cubrirse o documento nota de venda nos termos que establece o Real decreto 607/2006, do 19 de maio, polo que se modifica o Real decreto 2064/2004, do 15 de outubro.

2. Unha vez rematadas as vendas do día, xerarase un arquivo informático coas liñas correspondentes a cadansúa nota de venda. Cada rexistro de nota de venda terá a estrutura

que se fixa no anexo II. O arquivo de transmisión quedará rematado cunha derradeira liña de resumo de datos tal como establece o citado anexo.”

Todos os recursos pesqueiros frescos deben ser vendidos nas lonxas ou centros de venda autorizados. Así, o artigo 97 da Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia di que “a primeira venda dos peixes e mariscos regulados nesta lei dos que se faga comercialización en fresco, deberá efectuarse preceptivamente nas lonxas ou nos lugares que para tal fin se establecerán regulamentariamente. Do mesmo modo regularase o desenvolvemento da actividade”. O Decreto 101/2006 tamén o recolle: “a pesca en fresco e os produtos do marisqueo descargados nos portos e centros de descarga da Comunidade Autónoma de Galicia terán que ser vendidos obrigatoriamente nas lonxas ou centros de venda autorizados regulamentariamente.”

Na Lei 6/1993 defínese lonxa como o “centro de contratación e comercialización en primeira venda das especies mariñas”. E o Decreto 419/1993 define centro de venda como a “instalación fixa ou desmontable onde se efectúa a primeira venda, estacional ou ocasional, dos produtos frescos da pesca procedentes de centros de descarga”.

Cada mariscador/a a pé ou buque de pesca é unha unidade de pesca, sendo os únicos que están en posesión do permiso para extraer os recursos mariños estando obrigados a súa venda en lonxa ou centro autorizado. O artigo 4º do Decreto 419/1993 di que “soamente poderán descargar e, se é o caso, vender os produtos da pesca en fresco as persoas físicas ou xurídicas que teñan en vigor o oportuno permiso de explotación.”

Variables

O buque de pesca ou o mariscador/a, segundo o caso, extrae os recursos mariños nunha zona de produción. Estes recursos mariños ou produtos pesqueiros frescos, na fase de primeira venda, lévanse á lonxa ou a un centro de venda autorizado pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. Neste momento os recursos véndense por lotes e cada transacción xera unha NPV, que se debe remitir á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos no prazo de 48 horas.

O artigo 2 da orde do 7 de febreiro de 2008 establece quen son os responsables de cubrir, emitir e presentar as NPV:

Para os efectos desta orde, serán responsables de cubrir, emitir e presentar notas de venda ante a consellería competente en materia de pesca:

a) Os concesionarios das lonxas ou centros de venda autorizados pola consellería competente en materia de pesca.

b) As vendedurías ou axentes autorizados para a realización da primeira venda de produtos pesqueiros frescos, que actúen dentro dos recintos dos portos de interese xeral. Neste suposto, as notas de venda deberán remitirse á autoridade portuaria titular da lonxa, para os efectos que esta os presenten ante a consellería competente en materia de pesca.

As NPV transmítense xeralmente por vía telemática a través da PTP por Internet, a un servidor central onde se van almacenando todos os datos. Cada nota de venda debe conter unha serie de datos mínimos (segundo se establece na orde 7 de febreiro de 2008):

Código de identificación da lonxa ou centro de venda.

Este campo refírese á lonxa ou centro de primeira venda autorizado. Cada punto de orixe ten asociado un código que consta de oito caracteres.

Data da poxa.

Identifica a data da transacción. O formato é DDMMAAAA, onde DD é o día, MM é o mes e AAAA é o ano. Este campo ten unha lonxitude de oito díxitos.

Número de nota de venda (lote).

Cada venda realizada nunha data ten un número asociado. Son números correlativos e inicianse en cada data. A lonxitude máxima do campo son dez díxitos.

Código da especie.

Segundo o código FAO. A lista completa de códigos internacionais de tres letras correspondentes ás especies figura no arquivo ASFIS da FAO (<http://www.fao.org/fi/statist/fisoft/asfis/asfis.asp>) O campo ten unha lonxitude de tres caracteres.

Tamaño.

Tómase como referencia as categorías de calibrado que se definen no anexo II do Regulamento (CE) núm. 2406/96 do Consello do 26 de novembro de 1996 polo que se establecen normas comúns de comercialización para determinados produtos pesqueiros. O campo ten unha lonxitude de tres caracteres.

Frescura.

Cóbrese segundo as categorías de frescura (E-Extra, A ou B) que se definen no anexo I do Regulamento (CE) núm. 2406/96 do Consello, do 26 de novembro de 1996, polo que se

establecen normas comúns de comercialización para determinados produtos pesqueiros. O campo ten unha lonxitude de un carácter.

Presentación.

As posibles presentacións actualmente tabuladas recóllense no anexo III do Regulamento (CE) núm. 1921/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, relativo á transmisión de datos estatísticos sobre os desembarques de produtos da pesca nos Estados membros. A lonxitude do campo é de dous caracteres.

Destino.

Actualmente están tabulados os seguintes destinos de acordo co Regulamento (CE) núm. 1921/2006 do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de decembro de 2006 relativo á transmisión de datos estatísticos sobre os desembarques de produtos da pesca nos estados membros: consumo humano (1), usos industriais (2), retirada do mercado (3), cebo (4), alimentación animal (5), residuos (6) e uso previsto descoñecido (9). Lonxitude do campo: un dígito.

Tipo de provedor.

Este campo indicaranos cal é o contido do campo seguinte. A lonxitude do campo é de un dígito. Serve para completar a identificación do provedor do produto pesqueiro:

- Se o provedor é un mariscador con un permiso de explotación (PERMEX) débese indicar un 1 neste campo, e o correspondente número de permiso no campo 10.
- Se o provedor é un buque nacional débese indicar neste campo un 2 e no campo 10 o número do buque no Censo Nacional de Frota Pesqueira Operativa (CNFPO).
- No caso dun buque comunitario débese indicar neste campo un 3, e no campo 10 o número do Rexistro comunitario de buques de pesca (CFR).
- Se é un buque de terceiros países é un 4 e no campo 10 indicárase o pavillón máis o indicativo internacional de radio (IIR).
- Co número 5 indicárase outro tipo de provedores.

Núm. PERMEX, núm. CNFPO, núm. CFR ou Pavillón + IIR.

O contido deste campo depende do provedor indicado no campo 9, e ten un máximo de 15 díxitos.

Lista do buque.

Indica a lista do buque provedor do produto, naqueles casos nos que sexa un buque o provedor. Os buques de pesca poden ser das listas terceira (3) e cuarta (4). A lonxitude do campo é de un carácter.

Matrícula do buque.

Nos buques nacionais incorpórase a matrícula destes, que contén a zona e distrito marítimo. A parte correspondente ao distrito marítimo ten unha lonxitude de 4 caracteres. No caso de que sexa un distrito con menos de catro débese completar o campo con espazos. A lonxitude máxima é de seis caracteres. No caso de buques estranxeiros a matrícula só se compón de letras.

Folio do buque.

Ten un contido máximo de seis caracteres. Se non acadan os seis caracteres débese cubrir con ceros. No caso de formato separado por guión débese cambiar este por unha barra “/”, e se non acada os seis caracteres tamén se completa con ceros.

Zona de captura.

A zona FAO de captura indícase neste campo, de acordo co disposto no Regulamento (CE) núm. 2065/2001 da Comisión, do 22 de outubro de 2001 polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) núm. 104/2000 do Consello no relativo á información do consumidor no sector dos produtos da pesca e da acuicultura. Ten unha lonxitude de dez díxitos.

Nome do armador ou capitán do buque

Admite ata un máximo de 200 caracteres

NIF / CIF do vendedor.

Cóbrese con todas as letras e os números seguidos, sen separación de ningún tipo. Admite ata 20 díxitos.

Apelidos e nome ou razón social do vendedor.

Admite ata un máximo de 200 caracteres.

NIF / CIF do comprador.

Cóbrese con todas as letras e os números seguidos, sen separación de ningún tipo. Admite ata 20 díxitos.

Apelidos e nome ou razón social do comprador.

Admite ata un máximo de 200 caracteres.

Referencia ao contrato de compravenda.

Só no caso de realizarse un contrato débese facer constar aquí, de acordo co Decreto 101/2006, do 8 de xuño. Este campo consta de 20 caracteres.

Produtos pesqueiros procedentes de transporte terrestre ou de aprazamento da venda.

Só se cubre no caso de que a mercadoría viaxe, é dicir, que o porto de desembarque e o de destino de venda sexa distinto. Se é un produto pesqueiro procedente dun desembarque ou descarga o código é un 1 e se procede de importación é un 2.

Data de desembarque.

Ten unha lonxitude de oito díxitos, exprésase igual que a data da poxa DDMMAAAA.

Tipo de documento do transporte terrestre ou de aprazamento da venda

Cando os produtos se poñan á venda nun lugar distinto ao de desembarco ou descarga deben ir acompañados do correspondente documento. Consta dun só dígito. Este campo identifica o contido do campo 23:

- Identifica con un 1 se é un documento de transporte.
- Un 2 se é unha declaración de recollida.
- Un 3 se se trata dun documento T2M.
- Un 4 se é unha declaración de desembarque.
- Un 5 para un DUA (Documento Único de Aduanas).
- Un 6 se é un EUR 1 (Certificado de circulación mercadorías).

Número de serie do documento que ampara a mercadoría.

Aquí cóbrese co número que identifica o documento do campo 22. Ten ata un máximo de 20 díxitos.

Cantidade do lote.

Sempre indicado en quilos. Os dous últimos díxitos son decimais separados por coma dos enteiros. O campo ten unha lonxitude de doce máis dous díxitos.

Importe da venda do lote.

Cóbrese indicado en euros. Os dous últimos díxitos son decimais que irán separados por coma dos enteiros. O campo ten unha lonxitude de doce máis dous díxitos.

Ao final do cadro hai unha liña de validación do arquivo coas notas de primeira venda, que recolle:

- número de rexistros enviados
- total de quilos
- total do importe

Procesamento de datos

A estrutura informática do arquivo de notas de venda xa vén determinado nos anexos da Orde do 7 de febreiro de 2008 (Anexo II deste proxecto).

No fluxo de datos danse os seguintes tres pasos:

- Recollida de datos.
- Validación de datos.
 - Control de prezos
 - Detección de datos incorrectos ou anómalos
 - Control das unidades
 - Control das especies
 - Control de negativos
- Publicación dos datos.

Recollida de datos

Unha vez cumprimentado o documento NPV as lonxas ou centros de primeira venda autorizados, a través da aplicación informática que estas teñen instalada, transmiten os datos a un servidor central almacenándose nas correspondentes bases de datos. A comunicación das NPV á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos lévase a cabo por Internet, a través da PTP que se atopa na web <http://www.pescadegalicia.com>. A transmisión de datos realizarase dentro das 48 horas posteriores ao remate das vendas diarias

Validación dos datos

Validación diaria

Recibidos os arquivos cos rexistros das NPV, os datos son revisados diariamente. A primeira actuación lévase a cabo polo persoal do Servizo de Producción Pesqueira na Unidade de Estatística de Pontevedra. Neste instante detéctanse os valores anómalos ou incorrectos. As anomalías ou erros máis comúns detectados se refiren ao prezo ou ás cantidades en quilos que se transmiten así como á identificación das especies, que se cometen no momento da introdución dos datos.

Tamén se ven os datos que aparecen en negativo e as liñas en branco. Desde dita unidade fanse as correspondentes consultas ao orixe e, se é o caso, se modifican e rexistran os datos correctos. No caso de datos anómalos, estes se bloquean. Na PTP poden consultarse un adianto destes datos que non serán os definitivos ata o peche do anuario.

Calendario mensual

Ademais da revisión e validación dos datos, a Unidade de Estatística de Pontevedra leva a cabo a revisión do calendario mensual de envíos individualizado de cada lonxa ou centro autorizado e contrástanse as situacións atípicas. Solicítase neste momento os datos atrasados non transmitidos.

Validación cuatrimestral

Cada catro meses, lévase a cabo un control dos importes de facturación nese período de control en cada lonxa ou centro autorizado. Neste participan todo o persoal do Servizo de Produción Pesqueira. O procedemento é o que se describe a continuación:

- Solicítanse ás lonxas os importes de facturación agregados nos catro últimos meses para verificar que non houbo erros á hora de consultar o importe indicado que figura nas bases de datos da plataforma tecnolóxica da pesca.
- Se non coincide, solicítase información de facturación por cada mes.
- Se persiste a diferenza solicítase á lonxa a matriz de importes facturados por cada día dos catro meses, cotexándose os importes facturados en cada un dos días pola lonxa en cuestión. Son dous os tipos de informes que se teñen no servizo. Un, dos datos recollidos e validados e outros, cos datos recollidos e non validados. Detectadas as diferenzas entre a lonxa e os informes do servizo, solicítanse á lonxa os ficheiros dos días que resolven as incidencias de información. Estes ficheiros, que faltan ou se transmitiron mal, non se poden enviar a través da PTP senón que os responsables das lonxas os enviarán por correo electrónico á persoa responsable de levar a cabo este control. Recibidos todos os ficheiros e cadrados os datos, a persoa responsable da lonxa envía por correo electrónico ao enderezo producción.pesqueira@xunta.es, os ficheiros definitivos, onde se recollerán para facer os cambios correspondentes.

Validación anual

Finalizado o ano natural realízase un último cadre no cal participa todo o persoal do Servizo de Produción Pesqueira e faise o peche definitivo do anuario. O primeiro paso consiste na xeración dos informes (matrices) para cada unha das lonxas cos datos que figuran na PTP e que se transmitiron ao longo de todo o ano. Compáranse os datos que figuran nestas matrices cos que figuran nas lonxas, localízanse as diferenzas e, se é o caso, fanse as correccións pertinentes. A metodoloxía de traballo que se segue é a mesma que a descrita para os cadres cuatrimestrais. Utilízase un marxe de aceptación por importe de 1000 € (límite absoluto) ou do 0,50% (límite relativo) en cada unha das lonxas ou centros autorizados.

Realízase por último un repaso da información almacenada nas bases de datos, comprobando as especies, as cantidades e os prezos. As actuacións consisten no control de negativos, na identificación daqueles prezos anómalos e dos equívocos na clasificación das especies.

Procedemento de actuación con datos en negativo

Os datos negativos poden deberse a:

- erros na transmisión das vendas: a entidade transmitiu un dato erróneo e ao non poder eliminar esa fila, inclúe outra cos mesmos datos en negativo.
- mermas nos produtos pesqueiros: nas lonxas, antes de que o comprador retire a mercadoría hai unha segunda pesada. Se existen diferenzas de peso respecto da cantidade inicial transmitida, ponse como valor en negativo.

Publicación dos datos

Unha vez validados os datos pola Unidade de Estatística de Pontevedra publícase un anticipo na PTP que non se consolida ata que se realiza o peche anual que serve de base para publicar o anuario. Neste momento lévanse a cabo as operacións estatísticas e a consolidación, asentamento e posterior difusión dos resultados en <http://www.pescadegalicia.com>.

Deseño da explotación dos datos do rexistro

As principais variables sometidas a estudo son:

- Cantidades vendidas en kg.
- Importes facturados en primeira venda en euros.
- Prezos medios de venda.
- Prezos máximos de venda.
- Prezos mínimos de venda.
- Número de días de venda.

Estas variables agrúpanse por ámbito xeográfico, ámbito temporal ou por produto pesqueiro.

Ámbito xeográfico

- Total en Galicia: os datos agrúpanse referidos ao conxunto do territorio da comunidade autónoma galega.
- Por provincias: o estudo céntrase nas lonxas que existen en cada unha das tres provincias costeiras: Pontevedra, A Coruña e Lugo.
- Por zonas de produción: a análise faise tendo en conta as zonas administrativas definidas no anexo VIII da orde de 6 de abril de 2004 pola que se regulan os procedementos de expedición, renovación, traslado e transmisión dos permisos de explotación para embarcación.
- Por lonxas ou centros de primeira venda autorizados.

Ámbito temporal

A presentación dos datos de primeira venda é diaria e, a través da Plataforma Tecnolóxica da Pesca (PTP) amósase a información anticipada das vendas nas lonxas actualizada á data da consulta.

A información pódese obter agregada ou desagregada por intervalos de tempo: datos por anos, por meses, por días ou por períodos entre as datas que sexan de interese para o usuario.

Por produtos pesqueiros

Todos en conxunto.

Presentación por grupos biolóxicos de especies.

Desagregado por especies.

Difusión da estatística

A información almacenada nas bases de datos explótase e difúndese de dous xeitos:

Internet: a través da PTP

Ten como obxectivo achegar a información estatística da primeira venda de produtos pesqueiros frescos a través das novas tecnoloxías da comunicación, tanto ao sector pesqueiro como a todos os usuarios en xeral. Toda esta información publícase na páxina web www.pescadegalicia.com. O acceso á información pode ser de dous tipos: pública para todo interesado ou de uso restrinxido para determinados usuarios mediante perfiles de acceso establecidos.

Na PTP amósase, entre outros, o apartado “estatísticas” onde se reflicten os datos de primeira venda de peixe fresco nas lonxas e centros de primeira venda autorizados en Galicia e ademais achégase información de descargas de pesca fresca nos portos de interese xeral. Permite o acceso directo de todos os usuarios que poden facer consultas, informes gráficos,...seleccionando os parámetros que recolle as estatísticas de primeira venda.

O usuario na PTP pode realizar as seguintes consultas:

- Principais especies en lonxa. Permite coñecer as especies máis importantes nunha lonxa. Permite seleccionar lonxa e o intervalo de tempo desexado na consulta, obténdose un informe gráfico.
- Evolucións históricas desde 1997. Permite facer consultas desde o 1 de xaneiro de 1997 ata o momento actual. Pódese seleccionar un intervalo de tempo, desde unha a todas as lonxas e desde unha a todas as especies. Xera un informe que cumpre as condicións do filtrado en forma de táboas e gráficos.
- Evolución do prezo dunha especie na lonxa. Permite ver a evolución do prezo dunha especie, nunha ou ata cinco lonxas. Pódese elixir o intervalo entre anos desde o 2001.

- Evolución das vendas dunha especie na lonxa. A consulta faise do mesmo xeito que a anterior.
- Vendas nas lonxas (agrupados por lonxas).
- Permite facer as consultas por varias ou todas as lonxas e especies. Ademais permite facer filtrados por provincias e zonas administrativas, así como por grupos biolóxicos, para un período determinado de tempo. O informe resultante é por lonxas.
- Vendas nas lonxas (agrupados por especies). A primeira selección é por especies e a segunda é por lonxas. A consulta faise igual que a anterior pero o informe resultante é por especie.

Publicación a través do anuario da pesca:

O Servizo de Produción Pesqueira, unha vez finalizado o traballo de validación de toda a información, leva a cabo a publicación do anuario de pesca. Nesta publicación faise a difusión dos resultados da actividade comercial da pesca fresca nas lonxas e centros de primeira venda autorizados. A explotación amosa os importes e volumes das primeiras vendas agregadas en táboas. Tamén se miden as variacións ou tendencias con respecto a anos anteriores en distintos gráficos. Os resultados preséntanse tendo en conta distintos aspectos como son:

- capítulo 1- Grandes grupos: recolle os resultados totais e a evolución mensual da primeira venda para os principais grupos biolóxicos, que son algas, bivalvos, cefalópodos, crustáceos, equinodermos, gasterópodos, invertebrados, peixes e resto das descargas. Ademais amósanse as especies máis importantes en cada un dos grupos tanto en cantidade como en importes xerados.
- capítulo 2- Información xeográfica: recolle os resultados do ano por provincias e por cada unha das nove zonas administrativas de produción. Tamén se recollen en táboas e gráficos as comparativas con anos anteriores.
- capítulo 3- Especies: da a información sobre as especies de maior representatividade, xa sexa por volume de vendas xa sexa polos ingresos que xera. Para estas especies ofrécense as táboas cos datos das principais lonxas onde se comercializan.
- capítulo 4- Lonxas: danse os resultados da actividade das lonxas e centros de venda autorizados na Comunidade Autónoma de Galicia. Analízanse as 20 principais lonxas ou centros de autorizados segundo as cantidades vendidas e segundo os ingresos obtidos, e a composición das principais especies comercializadas nestas entidades.
- capítulo 5- Acuicultura: incorpora os resultados da produción derivados de todos os establecementos da acuicultura mariña.

Anexos

Anexo I : Resolución de 27 de febreiro de 2007

Nesta resolución especificanse o listado das denominacións comerciais das especies pesqueiras e de acuicultura. Este listado é o empregado para difundir a información por especies.

Anexo II: Orde do 7 de febreiro de 2008

Nesta orde descríbese a información recollida en cada nota de venda